



MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A REDACCIÓN DO PCAP PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOUVA"

I.- ANTECEDENTES:

1.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017. Na mesma se contempla a aplicación 3230.622.00.70 "CUBRICIÓN PATIO DO COLEXIO CANICOUVA" cun importe de 277.551,62 euros.

2.- Para levar a cabo esta actuación, en data 28.04.2017, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 13.01.2017, resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de execución das obras de "Cubrición do patio do Colexio Canicouva", a prol da empresa ALAMEDA12, S.L. (B36121333).

3.- A Xunta de Goberno Local en sesións de datas 07.06.2018 e 26.06.2018 respectivamente, acordou aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOUVA", redactado polo Arquitecto Colexiado nº649 do COAG, D. José Enrique Pérez - Ardá Criado, cun orzamento base de licitación máis IVE de 278.822,08 € e data maio de 2018.

II.- ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS:

Proxecto obra a incluír no expediente:

"PROXECTO DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOUVA", redactado polo Arquitecto Colexiado nº649 do COAG, D. José Enrique Pérez - Ardá Criado, cun orzamento base de licitación máis IVE de 278.822,08 € e data maio de 2018, Expte. 3614/443, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesións de datas 07.06.2018 e 26.06.2018.

Para a execución destas obras, e de acordo co informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación das obras de referencia deste expediente, asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 03.07.2018, procede de acordo coa orde de inicio do Concelleiro delegado da Área de Fomento de data 03.07.2018, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía de data 19.06.2015, 13.01.2017 e 09.07.2018, dar inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que





subscriben o presente informe, considerase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

1.- Obxecto do Contrato:

A execución das obras do “PROXECTO DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOUVA”, redactado polo Arquitecto Colexiado nº649 do COAG, D. José Enrique Pérez – Ardá Criado, cun orzamento base de licitación máis IVE de 278.822,08 € e data maio de 2018, Expte. 3614/443, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesións de datas 07.06.2018 e 26.06.2018.

A actuación desenrólase no colexio público Canicouva, sito na rúa Canicouva nº 22 e concretamente no patio, o cal atópase delimitado nun lateral co edificio do Colexio, un muro de contención sito ao leste, un peche perimetral ao norte e ao oeste delimita cunha pista deportiva nunha cota inferior.

As obras a executar son as seguintes:

- Previa retira do equipamento deportivo e báculos existentes procederase a demolición dunha parte da soleira existente para a continuación proceder a escavación necesaria para a colocación do pilotaxe indicado no proxecto como cimentación, posterior execución do encepado dos micropilotes, coas súas correspondentes vigas centradoras de formigón armado.
- Posterior colocación de piares prefabricados de formigón armado, sobre eles colocaranse vigas e viguetas de madeira lamina ancladas con elementos metálicos e posterior execución de material de cubrición a base de chapa metálica prelacada con formación de faldóns de policarbonato celular, e canalóns, baixantes así como a súa conexión as conduxións actuais.
- Reposición do pavimento danado, con seu acabado igualando o existente reposición de luminarias e equipamento deportivo.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO meses.

O contrato, polo seu obxecto, califícase como contrato de obras, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 2 de 26
Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Polo que respecta a súa división en lotes, non se considera axeitada debido a que, desde o punto de vista técnico, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo. Así mesmo entorpeceríase a súa adecuada execución por ser necesaria a coordinación das diferentes prestacións que abarca o obxecto do contrato.

2.- Procedemento de adjudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, xustificándose no valor estimado do contrato e na necesidade de maior transparencia, publicidade e igualdade do procedemento.

3.- Prezo do contrato e xustificación:

a) Prezo do contrato:

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está formulado en termos de prezos unitarios e determinado en base ao proxecto de obra aprobado, e resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O prezo do contrato é de “DOUSCENTOS SETENTA E OITO MIL OITOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS” (278.822,08 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 48.390,61 €.

b) Orzamento base de licitación:

Correspóndese co límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE, e desagregarase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación (artigo 100 LCSP).

O orzamento do proxecto de obra aprobado considera un porcentaxe de custes indirectos, e os mesmos atópanse aplicados aos prezos descompostos nos que se dividen as unidades de obra.

O orzamento base de licitación, determinado no proxecto de obra aprobado, ascende a un total de “DOUSCENTOS SETENTA E OITO MIL OITOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS” (278.822,08 €).





c) Valor estimado do contrato e método de cálculo:

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado do contrato está calculado en base os custos derivados da execución material do proxecto de obra aprobado, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, tendo en conta as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

En base ao anterior, o valor estimado do contrato estipúlase en “DOUSCENTOS SETENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS DEZASETE EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS” (276.517,76€).

	IMPORTE
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	193.639,89 €
GASTOS XERAIS (13%)	25.173,19 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	11.618,39 €
MODIFICACIÓNS Á ALZA PREVISTAS (20%)	46.086,29 €
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	276.517,76 €

4.- Revisión de Prezos

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración que non supera unha anualidade, non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

5.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3230.622.00.70 “CUBRICIÓN PATIO DO COLEXIO CANICOUBA”, provinte da modificación orzamentaria nº 29/2018, crédito extraordinario (expediente 54/142), para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2017, de acordo coa seguinte anualidade:





2018: 277.551,62 euros
2019: 1.270,46 euros

Polo exposto nesta memoria, as actuacións que se relacionan cualifícanse de forma clara e inequívoca como investimentos, polo tanto, en aplicación da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, por la que se modifica a Orde EHA/3565, de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, todas aplicables ao capítulo VI da estrutura orzamentaria vixente. En consecuencia co anterior, dáse cumprimento aos requisitos que enmarcan os criterios para as “inversións financeiramente sostibles, xa que esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello. Así mesmo de acordo cos datos específicos indicados en relación os posibles incrementos dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos, vinculado aos proxectos de investimento, e a valoración realizada sobre os posibles ingresos ou redución dos gastos xerados a través da vida útil das inversións propostas, pódese afirmar que en consecuencia co contido do presente informe, dáse cumprimento aos requisitos que enmarcan os criterios para as “inversións financeiramente sostibles, en base a dar cumprimento o establecido na DA 16ª do TRLRFL, modificada polo “Real Decreto-lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e modifícase o ámbito obxectivo destas”.

En relación ao citado crédito deberase ter en conta que o Boletín Oficial do Estado «BOE» núm. 73, de 24 de marzo de 2018, publica o “Real Decreto-lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e modifícase o ámbito obxectivo destas”, o cal especifica o destino do superávit das entidades locais correspondente a 2017, de acordo o seguinte texto:

En relación co destino do superávit orzamentario das Corporacións Locais correspondente ao ano 2017 prorrógase para 2018 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

No caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2018, a parte restante do gasto autorizado en 2018 poderase comprometer e





recoñecer no exercicio 2019, financiándose con cargo ao remanente de tesouraría de 2018 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a Corporación Local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2019.

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras cabe indicar o seguinte:

Os investimentos proxectados, atenden a actuacións de mellora en centros docentes e están a xustificar un impacto favorable sobre os orzamentos futuros; na maioría dos casos, son investimentos de reposición que van a deferir no tempo, a necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario, por supor estes investimentos unha posta ao día dos mesmos, en consecuencia, están conformados como instrumentos xeradores de aforro, e en ningún caso, xeradores de gastos non financeiros por enriba dos actuais.

De forma específica as actuacións previstas definen as seguintes condicións como xustificación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria:

REDE DE DRENAXE: A renovación e mellora da rede de drenaxe, evita incorporar auga de pluviais a rede de saneamento, polo que se reduce o volume de depuración a tratar e a bombear, co conseguinte aforro de enerxía que se traduce en aforro económico. Así mesmo se aumenta a eficiencia dos tratamentos de depuración e bombeo, se alarga a vida útil dos diferentes elementos que os compoñen e se diminúe o custe de mantemento anual. O custe estimado que se evita, sempre que a auga non se incorpore posteriormente a rede de saneamento, sería de 0,06 €/m³. Tendo en conta que se pretende a renovación de 280 ml de rede, a cal transporta un caudal anual aproximado de 5.600 m³, isto supón un aforro económico de 336 € por ano.

RENOVACIÓN FIRME PISTA: O firme existente actualmente esixe diversas actuacións de mantemento anual, para a súa conservación. Neste sentido sirva como exemplo que a Concellería de Fomento do Concello de Vigo destina nas actuacións de mantemento de pavimentos un ratio aproximado de 0,66 €/m² de actuación. Tendo en conta que as actuacións previstas abarcan 2.000 m² de superficie de pista existente, podemos concluír que coa repavimentación das pistas e alédanos, ademais da mellora funcional, se consegue un aforro económico durante os 10 anos de vida útil do firme, o evitarse as tarefas de mantemento, de 2.640,00 €, considerando a vida útil do mantemento de 5 anos.

ALUMEADO: No total das actuacións se proxectan renovación de aproximadamente 8 puntos de luz novos. Isto supón un aforro por non mantemento das novas instalacións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 6 de 26
Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



durante os 10 anos de vida útil do alumado de 1.472 euros en total, xa que o custo de mantemento por punto de luz está cifrado en 46,00 € por ano, considerando a vida útil do mantemento de 5 anos.

Polo exposto os investimentos en cubricións de patios de colexios, así como as actuacións encamiñadas a execución de novas redes de drenaxe superficial coas actuacións complementarias de melloras nos pavimentos das pistas e infraestruturas de iluminación van a supoñer que durante a vida útil dos mesmos (maior de cinco anos) un equilibrio e redución real dos gastos de mantemento, xa que as actuacións que actualmente se realizan sobre os mesmos, serán diferidas no tempo.

Así mesmo a posta en marcha destas actuacións implica outras sinerxías indirectas que terán unha incidencia positiva no orzamento e que pola súa cualidade non responden a un modelo concreto para cuantificar ditos ingresos, pero que de forma xeral garanten unha mellora para a capacidade de uso dos espazos cubertos xa que terán unha mellora da funcionalidade de uso.

6.- Prazo de execución e prórroga

De acordo co proxecto de obras, o prazo máximo de execución establececese en 4 meses.

A previsión do prazo de inicio das actuacións establececese no 1 de novembro de 2018.

7.- Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

A tenor do establecido no artigo 28 da LCSP, en relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente, así como os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, os mesmos atópanse xustificadas no informe de necesidade e idoneidade da contratación das obras, asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario de data 03.07.2018.

Así mesmo, dita actuación resulta necesaria para o exercicio das competencias propias previstas nos artigos 25.2.n) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local (en adiante LRBRL) e 80.2.ñ) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, en relación a debida colaboración e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 7 de 26
Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



8.- Solvencia

A tenor do establecido no artigo 77 da LCSP, para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos.

Polo que de acordo co exposto, o empresario poderá acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica mediante algún dos seguintes requisitos:

1) Acreditación da solvencia mediante clasificación do empresario como contratista de obras:

O artigo 25 e 26 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas establecen os grupos e subgrupos de clasificación dos contratistas de obra e as categorías de clasificación segundo os importes e a duración estimada dos contratos de obras.

Por outra banda, o artigo 36 do citado Regulamento dispón que cando as obras presenten singularidades non normais ou xenerais ás da súa clase e si, en cambio, asimilables a tipos de obras correspondentes a outros subgrupos diferentes do principal, a esixencia de clasificación estenderase tamén a estes subgrupos coas limitacións seguintes:

- a) O nº de subgrupos esixibles, salvo casos excepcionais, non poderá ser superior a catro.
- b) O importe da obra parcial que pola súa singularidade dea lugar á esixencia de clasificación no subgrupo correspondente deberá ser superior ao 20 por 100 do prezo total do contrato, salvo casos excepcionais.

En canto a Categoría, de acordo co art. 26 do citado Regulamento, modificado polo RD 773/2015 de 28 de agosto, e considerando que o prazo de execución estimado para a completa execución das obras é de 4 meses, resulta de aplicación a referencia do valor estimado do contrato.





Polo que de acordo co indicado no orzamento do proxecto de obras, unicamente superan un 20% os capítulos e subcapítulos correspondentes ao Grupo K de Especiais e subgrupo cimentacións especiais e Grupo C de Edificacións e subgrupo carpintería de madeira, correspondéndolle a seguinte a clasificación como contratista de obras nos seguintes grupos, subgrupos e categorías:

- Grupo K, subgrupo 1, Categoría 1
- Grupo C, subgrupo 8, Categoría 1

2) Acreditación da solvencia mediante o cumprimento dos seguintes requisitos:

Solvencia económica e financeira:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor anual medio do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano

Solvencia técnica:

- Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

As empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) acreditarán a súa solvencia técnica por un dos seguintes medios

- Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
- Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente da mesma, sempre que non se avalíen como un criterio de adjudicación.
- Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 9 de 26
Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Xustificación da solvencia requirida

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais; dado que solicitan o volume anual de negocios e unha relación das principais obras efectuadas durante os cinco últimos anos de igual ou similar natureza, condicións mínimas que respectan o principio de liberdade de acceso ás licitacións.

9.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación aos criterios de adjudicación e de acordo co recollido no artigo 145.6 da LCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.

En base ao obxecto das obras deste contrato, establece a valoración por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato darase mais preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa o obxecto do contrato se podan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Proponse a aplicación dun 70% dos criterios de adjudicación a criterios avaliábeis a través de fórmula e un 30% a través de criterios avaliábeis a través de xuízo de valor.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas, de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP, se determinará a ponderación relativa a aplicar en cada un dos criterios.

Será de aplicación, co obxecto dunha maior simplificación, a seguinte ponderación establecida en base 100:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 10 de 26
Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



$$P = \frac{\quad}{100} \times PT + \frac{\quad}{100} \times PF$$

Sendo:

P: Puntuación total obtida da valoración da oferta.

PT: Puntuación da avaliación dos criterios mediante xuízo de valor.

PF: Puntuación da avaliación dos criterios mediante formula.

A: Ponderación dos puntos dos criterios mediante xuízo de valor (30)

B: Ponderación dos puntos dos criterios mediante formula (70)

9.1.- Contido e criterios sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor”

Os criterios avaliables mediante xuízo serán avaliables **ata un máximo de "PT=PT1+PT2+PT3=100 puntos"** e terán un coeficiente de ponderación "**A= 30**".

Proponse a seguinte distribución para os criterios avaliables mediante xuízo de valor.

9.1.1- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

a.- Xustificación do criterio. O obxecto da valoración desta “Memoria dos criterios de execución técnica da obra” debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista do proxecto de obras a licitar e a súa documentación, presenta o licitador no marco da proposición técnica.

O contido da memoria dos criterios de execución técnica da obra, proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para poder coñecer o desenvolvemento das actuacións e obras que en cumprimento da prestación proponse realizar por parte do licitador no ámbito do proxecto de obra que se licita. Neste sentido a memoria que demostre un maior grado de coñecemento do proxecto da obra, así como unha definición detallada, coherente e planificada dos procesos derivados da execución da obra, será un garante para determinar entre outros aspectos, se a oferta presentada coincide coa realidade e necesidades para executar o proxecto que se licita.

b.- Valoración do criterio: A memoria describirá o desenvolvemento das actuacións e obras que en cumprimento da execución do contrato proponse realizar por parte do licitador no ámbito do proxecto de obra que se licita. A memoria deberá demostrar coñecemento do proxecto da obra, do ámbito de actuación, dos procesos de execución, así como unha definición detallada, coherente e planificada territorialmente e temporalmente dos procesos derivados da execución da obra, que sexa acorde coa





realidade, e necesidades para executar a obra que se licita, e deberá ser cumprimentada con información gráfica adecuada á peculiaridade da obra.

A Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra, deberá conter os seguintes apartados, e se valorará ata cun máximo de PT1=79 puntos.

a) A análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar. Se valorará ata un máximo de 26 puntos que serán desagregados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

- 1) A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto (15%).
- 2) Descrición das actividades importantes da execución da obra (15%).
- 3) Condicionantes para a definición do proxecto (25%).
- 4) A determinación do grao de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos contidos anteriores en relación á execución da obra (25%).
- 5) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

b) A análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento do proxecto. Se valorará ata un máximo de 30 puntos que serán desagregados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

- 1) O estudo de tráfico e circulacións no entorno da obra (10%).
- 2) O estudo dos usos específicos do contorno de actuación (15%).
- 3) Proposta de campamento de obra (10%).
- 4) Medidas propostas de afeccións as circulacións e acceso a obra (15%).
- 5) Proposta de faseado de obra (15%).
- 6) Outras medidas e propostas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do entorno (15%).
- 7) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)





c) A proposta de planificación da obra en relación aos períodos de execución e aos equipos de traballo que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos. Se valorará ata un máximo de 23 puntos que serán desagregados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

- 1) Afección climatolóxica (10%).
- 2) Dimensionamento equipos de traballo con indicación de rendementos (15%).
- 3) Relación equipos de traballo coa planificación temporal (15%).
- 4) Planificación temporal das unidades de obra (15%).
- 5) Definición de actividades críticas (15%).
- 6) Indicación de folguras das actuacións (15%).
- 7) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (15%)

c.- Criterios para a presentación da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- a) Deberá ser un único arquivo dixital para o conxunto dos tres apartados (a, b e c) coas seguintes limitacións: un máximo de 50 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices, portadas, gráficos, e demais follas incorporadas). O arquivo dixital non debe superar os 10 MB de tamaño.
- b) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente a Memoria Construtiva (MC).

9.1.2.- Plan de control de calidade a implantar na execución da obra

a.- Xustificación do criterio. No proxecto de obras, o proxectista recolle un apartado xeral sobre os ensaios. No mesmo especificase a execución de propostas estandarizadas e axustadas a valores básicos, polo que tendo en conta que un dos obxectivos da execución das obras é garantir a execución das mesmas co maior nivel de calidade posible, entendese que procede a determinación deste apartado na procura da mellora da execución da obra e considerase axustado ao ámbito dos aspectos nos artigos 145 e 146





da LCSP, no cal determinase que a calidade é un dos criterios directamente relacionados co obxecto do contrato.

Polo anteriormente exposto, este apartado busca poder valorar os aspectos da calidade dos medios ofertados polo licitador, para garantir un maior nivel na execución da obra, para o cal por un lado, propónse avaliar os procesos propios da estrutura técnica da empresa licitadora nos procesos de autocontrol interno, en relación con todos os procesos técnicos e administrativos directamente vinculados á execución da obra; e por outro lado, tamén preténdese avaliar que un maior grado de coñecemento do proxecto, levará implícito unha mellora directa no grado de esixencia nos procesos de control de calidade da obra a executar.

b.- Valoración do criterio. O contido deste apartado deberá describir os aspectos da calidade dos medios ofertados polo licitador para garantir un maior nivel na execución da obra, mediante os procesos propios da estrutura técnica da empresa licitadora nos procesos de autocontrol interno e a súa organización, en relación con todos os procesos técnicos e administrativos directamente vinculados á execución da obra; e por outro lado, tamén mediante o grado de esixencia nos procesos de control de calidade dos traballos e unidades a executar.

A Memoria descriptiva do plan de control de calidade a implantar na execución da obra, deberá conter os seguintes apartados, e se valorará ata cun máximo de PT2=12 puntos.

a) A descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto. Se valorará ata un máximo de 8 puntos que serán desagregados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

- 1) Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar (25%).
- 2) Plan específico de ensaios de control de calidade con especificidade dos ensaios a maiores do contemplado no proxecto (25%).
- 3) Diversidade de ensaios de control de calidade propostos a executar (25%).
- 4) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (25%)

b) A descrición do plan de autocontrol interno da empresa. Se valorará ata un máximo de 4 puntos que serán desagregados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:





- 1) Descrición analítica e detallada dos procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra (50%).
- 2) Descrición da organización dedicada ao control de calidade (30%).
- 3) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

c) Criterios para a presentación da memoria sobre o plan de calidade da obra. Para a presentación dixital da documentación deste apartado deberanse ter en conta os seguintes criterios específicos:

- a) Deberá ser un único arquivo dixital para o conxunto dos dous apartados (a e b) coas seguintes limitacións: un máximo de 20 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todas as follas que a compoñan, incluíndo índices, portadas, gráficos, e demais follas incorporadas). O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño.
- b) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: “nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”; sobre B; apartado correspondente ao Plan Control Calidade (CC).

9.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais

a.- Xustificación do criterio. A través deste criterio búscase mellorar as actuacións dos licitadores en relación aos programas medioambientais que supoñen os procesos de execución das obras obxecto do contrato, así como as medidas que se poidan adoptar para incrementar o aforro enerxético, redución de materias primas como a auga ou combustibles, a redución de emisións de elementos contaminantes, recollida selectiva de residuos, procesos de reciclado, etc. Polo que enténdese que procede a determinación deste apartado na procura da mellora da execución da obra, e considerase axustado ao ámbito dos aspectos nos artigos 145 e 146 da LCSP, no cal determínase que estas medidas atópanse relacionadas directamente co obxecto do contrato.

b.- Valoración do criterio. O contido deste apartado deberá describir as actuacións dos licitadores en relación aos programas medioambientais que supoñen os procesos de execución das obras obxecto do contrato, así como as medidas que se poidan adoptar para incrementar o aforro enerxético, redución de materias primas, a redución de emisións de elementos contaminantes, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado.





A Memoria descritiva do plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais, deberá conter os seguintes apartados, e se valorará ata cun máximo de PT3= 9 puntos.

a) Unha memoria descritiva que deberá contemplar a descrición das boas prácticas na execución da obra que permita reducir consumo enerxético e materias primas. Se valorará ata un máximo de 4,5 puntos que serán desagregados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

- 1) Boas prácticas na execución da obra que permita reducir consumo enerxético (20%).
- 2) Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%).
- 3) Boas prácticas na execución da obra que permita reducir as materias primas (20%).
- 4) Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%).
- 5) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

b) Unha memoria descritiva das actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado. Se valorará ata un máximo de 4,5 puntos que serán desagregados en relación aos seguintes contidos, os cales para a súa avaliación terán a ponderación respecto ao máximo valor do apartado indicada no propio contido:

- 1) Actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera (20%).
- 2) Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%).
- 3) Actuacións para a recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado (20%).
- 4) Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%).
- 5) O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

c.- Criterios para a presentación da memoria sobre o Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais. Para a presentación dixital da documentación deste apartado se deberán ter en conta os seguintes criterios específicos:

- a) Deberá ser un único arquivo dixital para o conxunto dos dous apartados (a e b) coas seguintes limitacións: un máximo de 20 follas por unha cara (na cuantificación deste documento se terán en conta todos as follas que a compoñan, incluíndo índices,

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 16 de 26
	Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



portadas, gráficos, e demais follas incorporadas). O arquivo dixital non debe superar os 5 MB de tamaño.

- b) A denominación do arquivo deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente a Plan Aforro Enerxético (AE).

9.1.4.- Procedemento de aplicación da puntuación para cada criterio, de acordo a descrición dos apartados e dos contidos requiridos en cada un dos apartados dos criterios avaliados mediante xuízo de valor:

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan adecuadamente os contidos indicados con análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e coa representación gráfica adecuada.

2.- Descontarase da puntuación máxima prevista en cada apartado, a porcentaxe indicada en cada contido, por cada un de estes no caso de que a proposta para ese contido non se desenvolva de forma adecuada e coherente co obxecto do apartado a avaliar.

Os descontos indicados serán acumulativos.

3.- A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define este expediente.

Cando a documentación de cada criterio non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, número de follas máximas descritas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao citado criterio.

9.2.- Criterios avaliados mediante fórmula.

Os criterios avaliados mediante fórmula serán avaliados ata un máximo de "PF=PE= 100 puntos" e terán un coeficiente de ponderación "B= 70".

Propónse a seguinte distribución para os criterios avaliados mediante fórmula.

9.2.1.- Valoración das baixas en relación a oferta económica.

O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de PE= 100 puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada.





O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros) (sen IVE)

Serán de aplicación as seguintes fórmulas:

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre : $Be < Bi \leq BE$

$$PE = 98,5 + (1,5 * ((Bi-Be)/(BE-Be)))$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,85 * Be < Bi \leq Be$

$$PE = 95 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,85 * Be)}{0,15 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$

$$PE = 87,50 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

- Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 * Be \leq Bi \leq 0,65 Be$

$$PE = 87,50 * \left(\frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$$

Sendo:

PE = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 100,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumplan a seguinte condición: $Bi \leq Br + \sigma'$ (Dito calculo será realizado coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas, utilizando os criterios definidos para Br y σ' nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas -apartado 10 desta memoria).





BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

Xustificación das fórmulas:

En base ao obxecto das obras deste contrato, establece a valoración por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato se dará mas preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa o obxecto do contrato se podan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Proponse a aplicación dun 70% dos criterios de adjudicación a criterios avaliábles a través de fórmula e un 30% a través de criterios avaliábles a través de xuízo de valor, tendo en conta que as peculiaridades específicas da execución desta obra aconsella determinar entre os posibles licitadores o maior grado de coñecemento do proxecto da obra, así como unha definición detallada, coherente e planificada dos procesos derivados da execución da obra o cal será un garante para a execución das mesmas co maior nivel de calidade posible, polo cal entendese que procede a determinación destes apartados na procura da mellora da execución da obra e considerase axustado ao ámbito dos aspectos nos artigos 145 e 146 da LCSP, no cal determinase que a calidade é un dos criterios directamente relacionados co obxecto do contrato.

Sobre os criterios empregados para a determinación da puntuación dos criterios avaliábles mediante formulas, débese indicar que as formulas elixidas cumpren tanto os criterios legais como a interpretación do Tribunal Central de Recursos contractuais ao respecto. Así as mesmas se atopan definidas no PCAP co suficiente grado de detalle para a súa comprensión. A súa aplicación en todos os casos asignan a maior puntuación prevista a oferta máis alta e a unha puntuación menor á oferta mais baixa, gardando unha adecuada proporción na atribución de puntos ás ofertas intermedias.

Así mesmo débese indicar que non producen ningún dos resultados prohibidos, xa que non outorgan maior puntuación as ofertas que non sexan as mais económicas ao non establecerse umbrais de saciedade. Non reducen significativamente os marxes entre as ofertas mais caras e próximas ao prezo de licitación e as mais económicas, e tampouco magnifican as diferencias económicas mínimas, permitindo que opere a totalidade do rango da puntuación establecido, e determinando neste caso concreto os seguintes tramos de puntuación en función dos seguintes criterios de avaliación:

“Valoración do maior porcentaxe de baixa sobre o prezo de licitación” ofertado polos licitadores, valorado cun máximo de 100 puntos e unha ponderación do 70%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 19 de 26
Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre o prezo de licitación	Puntos que se reparten
$0 * Be \leq Bi \leq 0,65 Be$	87,5
$0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$	7.5
$0,85 * Be < Bi \leq Be$	3.5
<p>Establecese en relación o valor BE (oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas), e un valor resultante $Be = Br$ (media das ofertas admitidas) + σ' (desviación típica das ofertas admitidas).</p> <p>$Be < Bi \leq BE$</p>	1.5

É de destacar a indeterminación a priori dos puntos nos que cambia a pendente (tendo en conta que ten catro puntos de inflexión, un primeiro e mais importante sitúase no 65% sobre o valor Be, o segundo no 85% de Be, un terceiro ata o valor Be, e un cuarto entre o valor Be e o valor BE (mellor oferta admitida), impedindo desta forma que os licitadores teñan unha referencia previa, evitando formulacións estratéxicas similares por parte dos mesmos.

10.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, utilízanse os criterios específicos usados en diferentes expedientes de contratación e informados favorablemente pola Intervención Municipal

Trátase dun sistema que dificulta aos licitadores a acomodación da súa oferta a un limiar próximo á temeridade, polo que, a súas ofertas, serán a resultante da análise detallada que cada un dos licitadores faga en relación coa estrutura empresarial, prezos de subministradores, etc. O resultado final da presunción de temeridade encontrase corrixido a través dun factor de temeridade (K) variable, que minora canto maior é o resultado da segunda desviación típica das ofertas (δ')”





Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contes cun balor (Bi) que cumpra as seguintes condicións:

Exceda en ($K \cdot \delta'$) ó valor da “baixa de referencia” (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

B_i= será igual ao valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o orzamento base de licitación para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

B_r = valor mínimo entre (B_m ou B' _m)

B_m = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores (B_i) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

B' _m = media aritmética das (B_i) ofertadas que cumpran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$





δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

δ' = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumpran a condición sinalada para o cálculo de B_m , e para o cálculo de δ' , "n" será igual o número de ofertas que cumpran coa condición sinalada para o cálculo de B'_m

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) \leq 10\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$; $K=10,00$

SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; $K=5,20$

SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; $K=3,60$

SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; $K=2,80$

SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3 $K=2,00$

SI $\sigma' > 3$ $K=1,80$

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 10\%$ y $\leq 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$; $K=9,00$

SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; $K=4,90$

SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; $K=3,50$

SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; $K=2,90$

SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3 $K=2,10$

SI $\sigma' > 3$ $K=1,70$

Para $\text{Min}(B_m, B'_m) > 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$; $K=8,00$





SI $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ;	K=4,50
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$;	K=3,80
SI $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ;	K=2,80
SI $\sigma' > 2$ y ≤ 3	K=2,00
SI $\sigma' > 3$	K=1,70

10.2. Cando o número de ofertas sexa inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha Bi que exceda en 5 (unidades porcentuais) ou máis unidades ao valor da “baixa de referencia” Br, sendo o valor Br = Bm.

Br = media aritmética das (Bi) ofertadas. Bi calcularase dacordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 5$ si $n < 5$

Para os efectos de establecer este promedio, terase en conta si existen ofertas de empresas que formen parte dun mesmo grupo, para o cal se actuará segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, cando presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

11.- Condicións especiais de execución

Establécense como condicións especiais de execución de carácter medioambiental:

- A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, contribuíndose así a dar cumprimento ao obxectivo que establece o artigo 88 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable.
- O mantemento ou mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato; unha xestión máis sustentable da auga.
- O fomento do uso das enerxías renovables.
- A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables.
- O impulso da entrega de produtos a granel e a produción ecolóxica.

O obxecto do contrato (execución das obras de cubrición do patio do Colexio Canicouva) supón a realización dunha serie de procesos construtivos tendentes á xeración de riscos de carácter medio ambiental (xeración de residuos, utilización en exceso de auga, etc), o

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 23 de 26
	Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



cal fai aconsellable a introdución de criterios medioambientais tendentes á redución e minoración dos posibles prexuízos de carácter medio ambiental.

Estas condicións especiais de execución esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política medioambiental.

Esta “contratación estratéxica”, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas nunha área esencial, co obxectivo de garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes.

12.- Prazo de garantía:

En relación a determinación do prazo de garantía o proxecto da obra recolle o prazo mínimo dun ano establecido legalmente para as obras, pero a xuízo do técnico asinante do proxecto, a vista do comportamento de obras similares, non é de esperar actuacións cuantificadas de importancia respecto aos compromisos expresos de mantemento, adicionais as meras tarefas de conservación, reparación ou reposicións de elementos, polo que indica que é de considerar establecer un maior prazo de garantía nos pregos que estima o propio redactor no proxecto en 5 anos. Tendo en conta isto, **se propón un prazo de garantía de 5 anos**, de modo que se poida asegurar o obxecto do prazo da garantía polas obras recollidas no proxecto, de modo máis extenso e acorde a tipoloxía de obra e de uso do construído.

13.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

13.1.- Aspectos a modificar:

As unidades de obra de movemento de terras e escavacións, cimentacións, estruturas, cuberta, instalacións, obras de acabados e equipamentos, calquera tipo de reposición de servizos, seguridade e saúde da obra e xestión e tratamento de residuos da obra.

13.2.- Circunstancias que determinan a modificación:

Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos ou grandes defectos nas existentes, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeolóxicas e xeotécnicas, impermeabilizacións e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto. Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/09/2018 10:36	Páxina 24 de 26
	Expediente 78/441	CSV: 2AE652-2734EH-D5BHA9-FP7EF1-RH7U8U-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



urbanos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

13.3.- Limites da modificación:

A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

13.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación:

Non se contemplan.

14.- Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, que exercerá asemade a dirección facultativa da obra.

15.- Referencia ao réxime de pagamento

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 198.2 e 240 da LCSP.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- Unidade tramitadora: GE0000611 Vías e Obras
- Oficina contable: GE0000575 Servizos Económicos/ Intervención
- Órgano xestor: L01360577 Concello de Vigo

16.-Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.





17.- Prescricións técnicas particulares:

Para o proxecto de contratación das obras contempladas neste expediente de contratación, achégase a este informe o prego de prescricións técnicas incluído no proxecto redactado polo Arquitecto Colexiado nº649 do COAG, D. José Enrique Pérez - Ardá Criado, de data maio de 2018, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesións de datas 07.06.2018 e 26.06.2018.

18.- Subcontratación

Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación.

19.- Garantía complementaria:

Deberase constituír como garantía complementaria por un importe do 5% do prezo de adjudicación do contrato, cando a oferta adjudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración.

En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento remitir a presente memoria para a contratación das obras do “**PROXECTO DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOVA**” ao Servizo de Contratación, para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Enxeñeiro/ Xefe do Servizo de Vías e Obras.- D. Jerónimo Centrón Castaños

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra

O Xefe da Área de Inversións.- José Ángel Otero Lamas

Conforme - O 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento.- F. Javier Pardo Espiñeira.

